

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE FORCAREI CELEBRADA O DÍA 30 DE XULLO DE 2015.

<u>ASISTENTES</u>	
	GRUPO POLÍTICO
<u>ALCALDESA:</u>	
D ^a Belén Cachafeiro Anta.	PP
<u>CONCELLEIROS:</u>	
D. Ricardo Villaverde Iglesias.	PP
D ^a María Jesús Sineiro Vidal.	PP
D. Vicente Búa Martínez.	PP
D. Alejo Vidal Moreno.	PP
D. José Francisco Bouzas Vázquez	PP
D ^a Ana Isabel Doval Fraiz.	PS de G -PSOE
D. Miguel Pereira Fernández	PS de G -PSOE
D. José Manuel Álvarez Sanmartín	PS de G -PSOE
D ^a María Abilleira Pomar.	F.F
D. Roberto Jorge Correa.	BNG
<u>SECRETARIA:</u>	
D ^a . M ^a Elena Sueiro Fernández.	
<u>AUSENTE, previa excusa:</u>	

En Forcarei a trinta de xullo de 2015, xoves, sendo as doce horas e cuarenta minutos no Salón de Plenos da Casa Consistorial, previa convocatoria para o efecto, reúnense, en primeira e pública convocatoria, os señores concelleiros que se relacionan na marxe, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria do Pleno da Corporación do Concello de Forcarei.

A tódolos asistentes entregóuselles copia da orde do día, cos asuntos para tratar, poñéndose á súa disposición o expediente da sesión e cumprindo os trámites esixidos pola normativa vixente.

Estando presente o quórum necesario, pola Sra. Presidenta declárase validamente constituída a sesión.

Pásase a continuación a trata-los seguintes asuntos incluídos na orde do día:


1.- DACIÓN EN CONTA DA COMPOSICIÓN DOS GRUPOS POLÍTICOS E DOS MEMBROS DAS COMISIONS INFORMATIVAS.

COMPOSICIÓN DOS GRUPOS POLÍTICOS DA CORPORACIÓN MUNICIPAL:

Grupo Municipal do PARTIDO POPULAR:

Integrantes: D^a Belén Cachafeiro Anta
D. Ricardo Villaverde Iglesias
D^a M^a Jesús Sineiro Vidal
D. Vicente Búa Martínez
D. Alejo Vidal Moreno
D. José Francisco Bouzas Vázquez

Voceiro: D. Vicente Búa Martínez
Suplentes do Voceiro: D^a. M^a Jesús Sineiro Vidal
D. Ricardo Villaverde Iglesias
D. Alejo Vidal Moreno
D. José Francisco Bouzas Vázquez
D^a. Belén Cachafeiro Anta



Grupo Municipal do PSdeG-PSOE:

Integrantes: D^a Ana Isabel Doval Fraíz
D. Miguel Pereira Fernández
D. José Manuel Álvarez Sanmartín

Voceira: D^a Ana Isabel Doval Fraíz
Suplente da Voceira: D. Miguel Pereira Fernández

Grupo Municipal MIXTO (BNG e FORO FORCAREI):

Integrantes: D^a María Abilleira Pomar (FORO FORCAREI)
D. Roberto Jorge Correa (BNG)

Voceiros (indistintamente): D^a María Abilleira Pomar
D. Roberto Jorge Correa

COMPOSICIÓN DA COMISIÓN MUNICIPAL ESPECIAL DE CONTAS:

PARTIDO POPULAR:

Integrantes: D^a Belén Cachafeiro Anta
D^a M^a Jesús Sineiro Vidal
D. Ricardo Villaverde Iglesias
D. Vicente Búa Martínez

Suplentes: D. Alejo Vidal Moreno
D. José Francisco Bouzas Vázquez

PSdeG-PSOE:


Integrantes: D^a Ana Isabel Doval Fraíz
D. Miguel Pereira Fernández

Suplentes: ----

Grupo MIXTO:

Integrantes: D^a María Abilleira Pomar

Suplentes: D. Roberto Jorge Correa



COMPOSICIÓN DA COMISIÓN MUNICIPAL DE HONORES E DISTINCIÓNS:

PARTIDO POPULAR:

Integrantes: D^a Belén Cachafeiro Anta
D. José Francisco Bouzas Vázquez
D. Vicente Búa Martínez
D^a M^a Jesús Sineiro Vidal

Suplentes: D. Alejo Vidal Moreno
D. Ricardo Villaverde Iglesias

PSdeG-PSOE:

Integrantes: D^a Ana Isabel Doval Fraiz
D. José Manuel Álvarez Sanmartín

Suplentes: ----

Grupo MIXTO:

Integrantes: D^a María Abilleira Pomar

Suplentes: D. Roberto Jorge Correa

2.- DACIÓN EN CONTA DOS DECRETOS DE ALCALDÍA NOMEANDO TENENTES DE ALCALDE E MEMBROS DA XGL E DELEGANDO COMPETENCIAS DA ALCALDÍA.

"RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

De conformidade co previsto nos artigos 21.2 e 23.3 da Lei 7/85, de 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 11/99, de 21 de abril de modificación da anterior Lei, nos artigos 61.2 e 62.1 da Lei 5/97, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e artigos 41.3, 46 e 47 do R.D. 2568/86, de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, correspóndelle ó Alcalde o nomeamento dos Tenentes de Alcalde de entre os membros da Xunta de Goberno Local, no caso de que o Pleno da Corporación acorde a súa creación.

En virtude desta atribución

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Nomear Tenentes de Alcalde ós seguintes Concelleiros:


1º Tenente de Alcalde: D. Ricardo Villaverde Iglesias
2º Tenente de Alcalde: D. Vicente Búa Martínez
3º Tenente de Alcalde: D. Alejo Vidal Moreno

Ós tenentes de alcalde, en canto tales, corresponderalles substituír ó alcalde na totalidade das súas funcións e pola orde de nomeamento, nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que lle imposibilite para o exercicio das súas atribucións, así como desempeña-las funcións de alcalde nos supostos de vacante na Alcaldía ata que tome posesión o novo Alcalde.

SEGUNDO.- Dar conta desta resolución ó Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre.

TERCEIRO.- Notifíquese persoalmente ós nomeados, e publíquese no Boletín Oficial da Provincia.

CUARTO.- En virtude do previsto no artigo 46.1 do antedito R.D. 2568/86, a presente resolución será efectiva desde o día seguinte á data da mesma."



"RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Ó abeiro do disposto nos artigos 20.1.b) da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e 35.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, do 28 de novembro de 1986, a Xunta de Goberno Local existe en todos os municipios con poboación superior a 5.000 habitantes, e nos de menos se así o dispón o seu regulamento orgánico ou o acorda o Pleno.

Creada a Xunta de Goberno Local en sesión plenaria de data 19 de xuño de 2015, cómpre pois establecer a periodicidade e nomear ós membros da Xunta de Goberno Local, na que se delegarán o exercicio de determinadas atribucións que o artigo 21.1 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, modificado pola Lei 11/99, do 21 de abril, lle asigna a esta Alcaldía, e que logo se dirán:

Xa que logo, e en uso das facultades que me confiren os artigos 21.3 e 23.1 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local; 65 da Lei 5/97, do 22 de xuño, de Administración Local de Galicia, e 43.2 e 52 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, do 28 de novembro de 1986,

Resolvo:

-PRIMEIRO.- Nomear membros da Xunta de Goberno Local ós Tenentes de Alcalde nomeados por resolución da Alcaldía de data 22 de xuño de 2015, e que son os seguintes:

1º. D. Ricardo Villaverde Iglesias.
2º. D. Vicente Búa Martínez.
3º. D. Alejo Vidal Moreno.

-SEGUNDO.- Establecer a periodicidade das sesións da Xunta de Goberno Local cada 15 días a contar dende a celebración da primeira sesión ordinaria, os xoves ás 13:00 horas, sendo a sesión constitutiva dentro dos dez días seguintes a designación dos seus membros, consonte ó disposto no artigo 112.1 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, do 28 de

novembro de 1986. A sesión constitutiva celebrárase o vindeiro xoves 25 de xuño, e a primeira sesión ordinaria celebrárase o vindeiro día 2 de xullo.

TERCEIRO- Delegar na Xunta de Goberno Local as seguintes atribucións recollidas no artigo 21.1 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local,

- f) Aprobación de padróns de impostos e taxas municipais, así como as bonificacións, exencións e demais incidencias sobre os mesmos.
- g) Aprobar a oferta de emprego público de acordo co orzamento e a plantilla aprobados polo pleno, aprobar as bases das probas de selección de persoal e para os concursos de provisión de postos de traballo.
- j) A aprobación dos instrumentos de planeamento, de desenrolo do planeamento xeral non expresamente atribuídas ó Pleno, así como a dos instrumentos de xestión urbanísticos e dos proxectos de urbanización
- n) Sanciona-las faltas de desobediencia á súa autoridade ou por infracción das ordenanzas municipais, salvo nos casos nos que tal facultade estea atribuída a outros órganos.
- ñ) Paragrafo derogado pola Disposición Derrogatoria única da Lei 30/2007, de 30 de outubro de contratos do Sector Público. Substituído pola Disposición Adicional 2ª da Lei 30/2007, de 30 de outubro de contratos do Sector Público que indica:

«1. Corresponden aos Alcaldes e aos Presidentes das Entidades locais as competencias como órgano de contratación respecto dos contratos de obras, de subministro, de servizos, de xestión de servizos públicos, os contratos administrativos especiais, e os contratos privados cando o seu importe non supere o 10 % dos recursos ordinarios do presuposto nin, en calquera caso, a contía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración no sexa superior a catro anos, sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere nin o porcentaxe indicado, referido aos recursos ordinarios do presuposto do primeiro exercicio, nin a contía sinalada.»

o) A aprobación dos proxectos de obras e de servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión e estean previstos no presuposto.

p) Paragrafo derogado pola Disposición Derrogatoria única da Lei 30/2007, de 30 de outubro de contratos do Sector Público. Substituído pola Disposición Adicional 2ª da Lei 30/2007, de 30 de outubro de contratos do Sector Público que indica:

«Así mesmo corresponde aos Alcaldes e aos Presidentes das Entidades locais a adxudicación de concesións sobre os bens das mesmas e a adquisición de bens inmóbeis e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial cando o seu valor non supere o 10 % dos recursos ordinarios do presuposto nin o importe de tres millóns de euros, así como a enaxenación do patrimonio, cando o seu valor non supere o porcentaxe nin a contía indicados.»

q) O outorgamento das licencias, salvo que as leis sectoriais o atribúan expresamente ó Pleno ou á Xunta de Goberno Local.

CUARTO.- Da presente resolución darase conta ó Pleno na primeira sesión que este celebre, notificarase persoalmente ós designados e publicarase no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte ó da data en que se dicta a mesma, consonte co disposto nos apartados 2 e 4 do artigo 44 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, de 28 de novembro de 1986."

3.- APROBAR DEFINITIVAMENTE A ALTERACIÓN DA CUALIFICACIÓN XURÍDICA DAS VIVENDAS Nº 1 E 2 DO CEIP NOSA SEÑORA DAS DORES, SITAS EN MALEITAS.

A Sra. Alcaldesa da a palabra a D. Vicente Búa Martínez, voceiro do PP, que expón que se avanza no proceso xa iniciado de desafectación das vivendas escolares, xa que como se dixo no programa electoral a intención do grupo de goberno é avanzar na rehabilitación das vivendas; con data 18 de febreiro iniciouse o procedemento de desafectación, o 23 de xuño a consellería de Educación informou a desafectación, e agora xa se está a piques de iniciar a rehabilitación.

Aberta a quenda de intervencións Dª Ana Isabel Doval Fraíz, voceira do PSdeG-PSOE sinala que o seu grupo vai votar a favor, igual que dende o inicio do proceso, aínda que o grupo de goberno diga que sempre votan en contra. Quere volver a indicar, como en outras ocasións, que o seu grupo espera que non sexan as únicas vivendas a rehabilitar.

Dª María Abilleira Pomar, de F.F, polo grupo mixto, sinala que non se opoñen a unha iniciativa sempre que esta repercuta nun colectivo o máis amplo posible, como no caso da desafectación das vivendas para facer a gardería. Sinala que destinar ós cartos que custa a rehabilitación das vivendas a unha bolsa de alugueiro beneficiaría a un colectivo máis amplo.

D. Vicente Búa Martínez, voceiro do PP resposta que o seu grupo segue a traballar nos temas sociais. Intervén a Sra. Alcaldesa indicando que ten constancia de que hai moitas vivendas escolares ocupadas por persoas que non son profesores, ou sendo profesores que non viven nelas, referíndose á Sra. Concelleira de F.F. Dª María Abilleira Pomar, de F.F quere que conste en acta que ela non é adxudicataria de ningunha vivenda escolar. A Sra. Alcaldesa sinala que hai ó respecto queixas dos veciños por ese uso das vivendas escolares, e Dª María Abilleira Pomar pregunta si pode acceder a ditas queixas. Neste punto prodúcese un intercambio de opinións sobre o tema entre a Sra. Alcaldesa e a Sra.



Concelleira de F.F.

Sometido o asunto a votación, resulta:

- Votos a favor: dez (10), Sres./as Concelleiros/as do PP, PSdeG-PSOE e BNG
- Votos en contra: cero (0)
- Abstencións: unha (1) Sra. Concelleira de F.F

Queda aprobado por maioría absoluta do número legal de membros da corporación o seguinte acordo:

Visto que:

Con data 13 de febreiro de 2015, emitiuse informe da Secretaría en relación co procedemento e a Lexislación aplicable para levar a cabo a desafectación das vivendas escolares 1 e 2 de Forcarei.

Con data 13 de febreiro de 2015, emitiuse informe da Asistencia Técnica Municipal sobre a situación física e xurídica do ben e a oportunidade ou necesidade do destino do ben inmovible.

Con data 16 de febreiro de 2015, emitiuse informe-proposta da Secretaría. Con data 19 de febreiro de 2015, aprobouse inicialmente polo Pleno o expediente de desafectación das vivendas escolares nº 1 e 2 de Forcarei.

Con data 6 de marzo de 2015 publicouse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra o inicio do expediente para que se presentaran as alegacións que se estimaran oportunas e con data 9 de abril de 2015, emitiuse certificación conforme non se presentaron alegacións.

Con data 2 de xullo de 2015, recibíuse autorización da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, para aprobar definitivamente o expediente de desafectación das vivendas nº 1 e 2 do CEIP Nosa Señora das Dores.

ACORDASE:

PRIMEIRO.- Alterar a cualificación xurídica das vivendas nº 1 e 2 do CEIP Nosa Señora das Dores, sitas en Maleitas, de esta localidade, definitivamente, pasando de ser un ben de dominio público a un ben de carácter patrimonial.

SEGUNDO.- Reflectir na rectificación anual do Libro Inventario de Bens da Corporación a alteración da cualificación xurídica que sufriu o ben inmovible, e solicitar o Rexistro da Propiedade que proceda a deixar constancia deste cambio mediante os correspondentes asentos e anotacións rexistras necesarias.

TERCEIRO.- Facultar á Alcaldesa para que subscriba os documentos que sexan necesarios en orde á execución dos precedentes acordos.

4.- ELEVACIÓN Ó PLENO E, APROBACIÓN SE PROCEDE, DO PLAN ECONÓMICO FINANCIERO DE FORCAREI 2015-2016.

Pola Sra. Alcaldesa ponse en coñecemento do pleno o Plan Económico Financeiro (PEF) de Forcarei para os exercicios 2015-2016, xunto co informe de Secretaría Intervención de data 24 de xullo de 2015. Indícase que como xa se expuxo no pleno celebrado o 19 de xuño, onde se deu conta do informe de Secretaría Intervención de 20 de maio de 2015 sobre incumprimento da regra de gasto, o PEF debe traerse ó pleno para a súa aprobación. Pregunta si algún grupo quere intervir, e ó non producirse intervencións, pásase á votación do asunto.

Sometido o asunto a votación, resulta:


- Votos a favor: seis (6), Sres./as Concelleiros/as do PP
- Votos en contra: cero (0)
- Abstencións: cinco (5) Sres./as Concelleiros/as do PSdeG-PSOE, F.F e BNG

Queda aprobado por maioría absoluta do número legal de membros da Corporación o seguinte acordo:

1º. Aprobado o Plan Económico Financeiro do Concello de Forcarei para os exercicios 2015-2016.

2º. Remitir este Plan ó Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, e á Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.

3º. Publicar o Plan de acordo co establecido no artigo 23.4 da Lei 2/2012 de 27 de abril de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira e artigo 26 do Real Decreto 1463/2007 de 2 de novembro.



**PLAN ECONÓMICO-FINANCIERO DO CONCELLO DE FORCAREI
PARA 2015-2016**

INTRODUCCIÓN

O presente Plan Económico-Financeiro (en adiante, PEF) cuxa aprobación compete ao Pleno da Corporación, redáctase en cumprimento da normativa sobre estabilidade orzamentaria:

-LO 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira (en adiante, LOEOSF).

-Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (en adiante, Lei de Bases).

-RD 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa aplicación ás entidades locais (en adiante, REO).

-Orde HAP 2015/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na LOEOSF, modificada pola Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro, publicada no BOE nº 271, de 8 de novembro de 2014 (en sucesivas citas, Orde).

A súa presentación e aprobación é necesaria xa que da liquidación do orzamento de 2014, resulta o incumprimento da regra de gasto nun 6,26%; é dicir, o límite da regra de gasto superouse en 50.989,94 € (límite regra de gasto para 2014: 1.549.038,29 €; aumentos de recadación 21.708,87 €; límite regra do gasto 1.570.747,16; gasto computable liquidación 2014: 1.621.737,10 €).

A anterior obriga basease nos seguintes fundamentos de dereito:


Primeiro.- O artigo 21 da LOEOSF establece que no caso de incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, do obxectivo de débeda pública ou da regra de gasto, a administración incumpridora formulará un plan económico-financeiro, que permita no ano en curso e no seguinte o cumprimento dos obxectivos ou da regra de gasto.

Á súa vez o artigo 19 do REO establece que procederá a elaboración de un PEF cando o resultado da avaliación do obxectivo de estabilidade orzamentaria efectuado pola Intervención da entidade local sexa de incumprimento do obxectivo individual establecido para a entidade local.

Segundo.- O artigo 25 da LOEOSF establece que, no caso de falta de presentación, de falta de aprobación ou de incumprimento do PEF, a Administración incumpridora deberá adoptar as seguintes medidas coercitivas:

a) Aprobar no prazo de 15 días a non dispoñibilidade de créditos e efectuar a correspondente retención de crédito que garanta o cumprimento do obxectivo establecido.

b) Constituír, cando se solicite polo Ministerio de Facenda un depósito con intereses no Banco de España equivalente ao 2% do seu PIB nominal, que será cancelado cando se apliquen as medidas que garantan o cumprimento dos obxectivos.



Terceiro.- O contido mínimo do PEF recóllese no artigo 21.2 da LOEOSF e no artigo 20 do REO así como no artigo 9.2 da Orde. Tamén se debe ter en conta o disposto no artigo 116 bis da Lei de Bases.

O artigo 21 da LOEOSF establece como contido mínimo do PEF:

- a) as causas de incumprimento do obxectivo establecido ou no seu caso, da regra de gasto.
- b) as previsión tendenciais de ingresos e gastos, baixo o suposto de que non se producen cambios nas políticas fiscais e de gastos.
- c) a descrición, cuantificación e calendario de aplicación das medidas incluídas no Plan, sinalando as partidas orzamentarias ou rexistros extraorzamentarios nos que se contabilizarán.
- d) as previsións das variables económicas e orzamentarias das que parte o plan, así coma os supostos sobre os que se basean estas previsións, en consonancia co contemplado no informe ao que se fai referencia no apartado 5 do artigo 15.
- e) unha análise de sensibilidade considerando escenarios alternativos.

Pola súa banda, o artigo 9.2 da Orde engade:

-As medidas correctoras aprobadas, cuantificadas e fundamentadas, sinalando a data da súa implementación. Estas medidas deberán ser coherentes coa variación interanual das súas previsións orzamentarias repectivas.

-A estimación e xustificación dos axustes de contabilidade nacional e a coherencia co límite de gasto non financeiro, calculado na forma q establece a regra de gasto.


-A evolución da débeda, o cumprimento do límite de débeda, as magnitudes de aforro bruto e neto, a estimación dos saldos de tesourería, o exceso de financiamento e o remanente de tesourería para gastos xerais.

A maiores, o artigo 116 bis da Lei de Bases, establece que adicionalmente ao previsto no artigo 21 da LOEOSF, o PEF incluírá alomenos as seguintes medidas:

- a) Supresión das competencias que exerza a entidade local que sexan distintas das propias e das exercidas por delegación.
- b) Xestión integrada ou coordinada dos servizos obrigatorios que presta a entidade para reducir os seus custes.
- c) Incremento de ingresos para financiar os servizos obrigatorios que presta a entidade local.
- d) Racionalización organizativa
- e) Supresión de entidades de ámbito inferior ao municipio que, no exercicio orzamentario anterior, incumpran o obxectivo de estabilidade, ou o de débeda pública, ou que o período medio de pago a provedores sexa superior a 30 días o prazo máximo previsto na normativa de morosidade.
- f) Unha proposta de fusión con un municipio colindante da mesma provincia.

Polo exposto o contido do PEF será o seguinte:

1) **Diagnóstico da situación segundo o informe de avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e regra de gasto emitido pola Intervención Municipal con motivo da liquidación do Orzamento para 2014 (envío 4º trimestre do 2014). A este informe engádeselle o informe emitido por Secretaría Intervención en data 20 de maio de 2015 con motivo**



da introdución dos datos da liquidación do exercicio do 2014 na plataforma da oficina virtual, dado conta no pleno de 19 de xuño de 2015.

- 2) Proxeccións nos anos 2015 e 2016 ata acadar o cumprimento da regra de gasto.
- 3) Medidas a adoptar.
- 4) Conclusión.

1) Diagnóstico da situación segundo o informe de avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e regra de gasto emitido pola Secretaría Intervención Municipal en data 20 de maio de 2015.

En data 20 de maio de 2015 infórmase pola Secretaría-Intervención a liquidación do orzamento do exercicio 2014 e o cumprimento ou incumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e de débeda pública, así como da regra do gasto. Dita liquidación foi aprobada por Resolución da Alcaldía de data 30 de xaneiro de 2015.


A liquidación do exercicio 2014 amosa as seguintes magnitudes:

RESULTADO ORZAMENTARIO:

1.- Dereitos recoñecidos netos	2.700.760,16.-
2.- Obrigas recoñecidas netas	2.460.513,82.-
3.- Pasivos financeiros.....	260.469,88.-
3. Resultado orzamentario	-20.223,54.-
4.- Créditos gastados financiados con Remanente de Tesourería para Gastos Xerais	362.116,99.-
5.- Desviacións de financiación negativas do exercicio ...	0,00.-
6.- Desviacións de financiación positivas do exercicio	0,00.-
7.- Resultado orzamentario axustado (3+4+5-6).....	341.893,45.-

ESTADO DE REMANENTE DE TESOURERÍA:


COMPONENTES	IMPORTES ANO	
1. (+) FONDOS LÍQUIDOS		320.901,31
2. (+) DEREITOS PENDENTES DE COBRAMENTO		482.644,31
- (+) do orzamento corrente		
- (+) de orzamentos pechados	442.984,55.-	
- (+) de operacións non orzamentarias	87.046,74.-	
- (-) cobramentos realizados pendentes de aplicación definitiva	0,00.-	
	47.386,98.-	



3. (-) OBRIGAS PENDENTES DE PAGAMENTO		
- (+) do orzamento corrente		242.919,42
- (+) de orzamentos pechados	101.725,69.-	
- (+) de operacións non orzamentarias	181,03	
- (-) pagamentos realizados pendentes de aplicación definitiva	141.012,70.- 0,00	
I. Remanente de tesourería total (1+2-3)	560.626,20.-	
II. Saldos de dubidoso cobro	77.403,07.-	
III. Exceso de financiación afectada	10.039,08.-	
IV. Remanente de tesourería para gastos xerais (I-II-III)	473.084,05.-	
V. Saldo de obrigas pendentes de aplicar ao orzamento (-)	0,00	
VI. Saldo de obrigas por devolución de ingresos pendentes (-)	0,00	
VII. Remanente de tesourería para gastos xerais axustado (IV-V-VI)(*)	473.084,05.-	

C) Estados financeiros (Aforro Neto e Endebamento Local), a 31 de decembro, mostran os seguintes rateos:

- ✓ Aforro Neto (1-2-3): **476.335,16 euros**
- 1) DR Caps. 1 ao 5 2.280.537,18 euros
- 2) OR Caps. 1, 2 y 4: 1.804.202,02 euros
- 3) Anualidade teórica de amortización en termos constantes: 0,00 euros
Rateo de Aforro Neto: 20,89 %.
(porcentaxe sobre os dereitos liquidados).
- ✓ Endebamento Local: 0,00 euros.
Rateo de Endebamento: 0,00 %
(porcentaxe sobre os dereitos liquidados).




AVALIACIÓN DO CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA, DA REGRA DE GASTO E DO LÍMITE DE DÉBEDA

CONCEPTOS	IMPORTE
a) Dereitos recoñecidos capítulos. I a VII orzamento corrente	2.700.760,16
b) Obrigas recoñecidas capítulos I a VII orzamento corrente	2.460.513,82
c) TOTAL (a – b)	240.246,34
AXUSTES	
1) Axustes recadación capítulo 1	-13.181,37
2) Axustes recadación capítulo 2	0,00
3) Axustes recadación capítulo 3	-3.178,40
4) Axuste por liquidación PIE-2008	0,00
5) Axuste por liquidación PIE-2009	0,00
6) Axuste por devengo de intereses	0,00
7) Axuste por grao de execución do Orzamento	NON PROCEDE EN FASE LIQUIDACIÓN
8) Axuste por gastos pendentes de aplicar a orzamento	0,00
9) Axuste por arrendamento financeiro	0,00
10) Axuste por devolucións de ingresos pendentes de imputar a orzamento	0,00
11) Axuste por consolidación de transferencias con outras AA.PP. (NEGATIVO)	0,00
12) Axuste por consolidación de transferencias con outras AA.PP. (POSITIVO)	0,00
d) Total axustes liquidación orzamento 2014:	-16.359,77
f) TOTAL CAPACIDADE/NECESIDADE DE FINANCIAMENTO (c + d + e)	+ 223.886,57

A) CUMRIMENTO DO OBXECTIVO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA.

Segundo se aprecia no cadro seguinte, da diferenza entre os importes liquidados nos capítulos 1 a 7 do estado de ingresos e os capítulos 1 a 7 do estado de gastos, previa aplicación dos axustes descritos resulta unha capacidade de financiamento de 223.886,57 €.


Objetivo en 2014 de Capacidad/ Necesidad Financiación de la Corporación contemplado en el Plan Económico Financiero aprobado



B) CUMPRIMENTO DA REGRA DE GASTO.

Gasto computable liquidación 2014	IMPORTES
1. Suma capítulos 1 a 7, deducidos gastos financeiros	2.454.444,96
2. Axustes SEC (2014)	0,00
3. Total empregos non financeiros términos SEC excepto xuros da débeda (1 +/- 2)	
4. Transferencias entre unidades que integran a Corporación local (-)	0,00
5. Gasto financiado con fondos finalistas (-) - Xunta de Galicia: -526.624,84 - Deputación: -284.664,36	-811.289,20
4. Transferencias entre unidades que integran a Corporación local (-)	0,00
5. Gasto financiado con fondos finalistas (-) - UE: 0,00 - Estado: 0,00 - Comunidad Autónoma: -558.197,20 - Diputaciones: -99.350,73 - Otras AA.PP.: 0,00	-657.547,93
6. Total Gasto computable liquidación do exercicio 2013	1.526.146,10
7. Tasa de variación do gasto computable (6 x1,5%)	22.892,19
8. Incrementos de recadación (2014) (+)	21.708,87
9. Diminucións de recadación	0,00
10. Límite da Regra de Gasto 2014 = 6+7+8-9	1.570.747,16

Diferencia entre o límite da regra de gasto e o gasto computable do orzamento 2014:



9. Gastos investimentos financeiramente sostibles (-)	21.418,66
. Total Gasto computable liquidación 2014	1.621.737,10

% Incremento Gasto computable 2014/2013: +6,26 %

INCÚMPRESE O OBXECTIVO DA REGRA DE GASTO en 50.989,94 €

